



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1114-1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 25/11/2021 D^a [REDACTED] [REDACTED] presenta solicitude de acceso a información pública respecto do Convenio de colaboración subscrito polo Concello de Vigo coa Administración do Catastro Inmobiliario para a realización de tarefas de xestión catastral; informe relativo a se as ditas tarefas son realizadas directamente por persoal do Concello ou, no seu caso por empresas contratadas para a prestación do dito servizo; no seu caso, copia do expediente de contratación para a prestación do dito servizo, respecto da empresa ou empresas que realizase os ditos traballos dende o ano 2017.

En data 10/12/2021 emítese informe pola Xestión Catastral delegada en resposta á solicitude de información presentada e achégase no presente expediente acordo da Xunta de Goberno Local de adxudicación da contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma VCI+ e actualización de bases de datos tributarias. Expte. 2288/500.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información

Copia do documento - Concello de Vigo 1114-1102	Data impresión: 21/02/2023 10:02	Páxina 1 de 4
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada consta informe da Xestión Catastral Delegada no que sinala:

"

1. O texto vixente foi publicado no BOE nº 289 de 3 de decembro de 2021 (Resolución de 24 de novembro de 2021 da Dirección Xeral do Catastro) e consta así mesmo no Portal de Transparencia do Concello na seguinte ligazón: <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/convenios.jsp?id=930&lang=ga>
2. No propio Convenio, cláusula duodécima, está previsto que o Concello decida contratar con algunha empresa especializada as actuacións derivadas do Convenio (o mesmo que na versión anterior do Convenio suscrito no ano 2001)
3. O expediente de contratación no que se substanciou a licitación do contrato é o expediente 2288/500"

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/02/2023 10:02	Páxina 2 de 4
1114-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Así mesmo conforme ao artigo 8 da *LTAIBG as entidades locais* deberán facer pública, como mínimo, a información relativa, entre outros, a todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, publicitouse, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. Igualmente serán obxecto de publicación as decisións de desistencia e renuncia dos contratos.

Neste senso a licitación do expediente 2288/500 se atopa publicada no seguinte enlace

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/licitacion.jsp?id=691&lang=ga>

TERCEIRO.- A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por D^a [REDACTED] e facilitar informe emitido con data 10/12/2021 pola Xestión Catastral Delegada, así como acordo da Xunta de Goberno Local do 30/03/2017, de adxudicación da contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma VCI+ e actualización de bases de datos tributarias indicándolle que poderá acceder ao expediente de contratación 2288/500 no seguinte enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/licitacion.jsp?id=691&lang=ga>.

SEGUNDO.- Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

rs.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/02/2023 10:02	Páxina 3 de 4
1114-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DECRETO: Vista a precedente proposta, RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/02/2023 10:02	Páxina 4 de 4
1114-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		